The background of the image shows a night festival scene. A large, illuminated structure with a complex geometric pattern of beams is the central focus. Several spotlights in blue and green illuminate the scene. In the foreground, a large, dark, textured object with a curved horn-like shape is visible. In the background, a body of water with a small boat and a town on the shore is visible under a dark sky.

Territorio
dos Vales
do
Ulla e Umia

Guía
Mes a Mes

Mes a Mes

Festas Relixiosas
Fiestas Religiosas
Festas Gastronómicas
Fiestas Gastronómicas
Outras Festas
Otras Fiestas
Eventos musicais
Eventos musicales
Actos Culturais
Actos Culturales
Deporte - Natureza
Deporte - Naturaleza

ÍNDICE GUÍA MES A MES

EDICIÓN

A.D.R. ULLA e UMIA
Rúa Alfonso VII, 2 - Baixo
36650 Caldas de Reis
Tel.: 986 53 90 77
Fax: 986 54 05 58
www.adr-ullaumia.es

TEXTOS

Darredor. Deseño Cultural

TRADUCCIÓN / TRADUCCIÓN

Darredor. Deseño Cultural
Fernando Vázquez López

FOTOGRAFÍA

Darredor. Deseño Cultural
Mara producciones S.L.

ILUSTRACIÓN

María López Bedoya

DESEÑO E MAQUETACIÓN

María J. Movilla Meno
Darredor. Deseño Cultural

IMPRESIÓN

Tórculo Artes Gráficas S.A.

DEPÓSITO LEGAL

DL - C - 4808 - 2008

- Introducción / Introducción	4
- Mes a mes / Mes a mes	5
- Xaneiro / Enero	6
- Febreiro / Febrero	7
- Marzo / Marzo	9
- Abril / Abril	10
- Maio / Mayo	14
- Xuño / Junio	15
- Xullo / Julio	18
- Agosto / Agosto	28
- Setembro / Septiembre	37
- Outubro / Octubre	39
- Novembro / Noviembre	41
- Decembro / Diciembre	41
- Todo o ano / Todo el año	42
- Servizos municipais / Servicios municipales	43
- Asociacións e fundacións / Asociaciones y fundaciones	45

INTRODUCCIÓN

A presente guía recolle os principais eventos festivos e culturais que se celebran no Territorio dos vales do Ulla e Umia así como as diversas actividades que se poden facer relacionadas co turismo activo e a natureza.

O gran potencial turístico deste territorio ofrece a posibilidade ó visitante de achegarse en calquera época do ano e gozar da súa variada oferta. Para iso, seguindo unha orde cronolóxica, móstranse os principais eventos e actividades que se desenvolven en cada un dos sete concellos adscritos á Asociación para o Desenvolvemento Rural dos vales do Ulla e Umia. Faise fincapé naqueles de maior relevancia no ámbito comarcal e galego, e nalgúns casos incluso de proxección estatal e internacional. Así mesmo establecéronse varias categorías que indican o tipo de actividade ou evento:

- Festas / Romarías: inclúense as principais festas de carácter relixioso (parroquiais e patronais, romarías) pero tamén outros acontecementos festivos:
 - Festas Relixiosas.
 - Festas Gastronómicas.
 - Outras Festas: feiras, festas cabalares...
- Eventos Musicais: concertos e festivais.
- Actos Culturais: homenaxes a persoeiros.
- Deporte - Natureza: actividades organizadas en relación coa natureza e o deporte.

Por último faise unha relación de asociacións culturais e fundacións que xunto ás respectivas corporacións municipais participan na organización de boa parte destas actividades.

INTRODUCCIÓN

La presente guía recoge los principales eventos festivos y culturales que se celebran en el Territorio de los valles del Ulla y Umia así como las diversas actividades que se pueden hacer relacionadas con el turismo activo y la naturaleza.

El gran potencial turístico de este territorio ofrece la posibilidad al visitante de acercarse en cualquier época del año y disfrutar de su variada oferta. Por ello, siguiendo un orden cronológico, se muestran los principales eventos y actividades que se desarrollan en cada uno de los siete municipios adscritos a la Asociación para o Desenvolvemento Rural dos vales do Ulla e Umia. Se hace hincapié en aquellos de mayor relevancia en el ámbito comarcal y gallego, y en algunos casos incluso de proyección estatal e internacional. Así mismo, se establecieron varias categorías que indican el tipo de actividad o evento:

- Fiestas / Romerías: se incluyen las principales fiestas de carácter religioso (parroquiales y patronales, romerías) pero también otros acontecimientos festivos:
 - Fiestas Religiosas
 - Fiestas Gastronómicas
 - Otras Fiestas: ferias, fiestas caballares...
- Eventos Musicales: conciertos y festivales
- Actos Culturales: homenajes a personalidades.
- Deporte - Naturaleza: actividades organizadas en relación con la naturaleza y el deporte.


Por último se hace una relación de asociaciones culturales y fundaciones que junto a las respectivas corporaciones municipales participan en la organización de buena parte de estas actividades.

MES A MES


	FESTAS RELIXIOSAS / FIESTAS RELIGIOSAS
	FESTAS / FIESTAS GASTRONÓMICAS
	OUTRAS FESTAS / OTRAS FIESTAS
	EVENTOS MUSAIS / EVENTOS MUSICALES
	ACTOS CULTURAIIS / ACTOS CULTURALES
	DEPORTE - NATUREZA / NATURALEZA

XANEIRO / ENERO

	6	REIS / REYES MAGOS	Meira (Santa María de Cuntis) CUNTIS
--	----------	--------------------	--

	7	SAN XULIÁN	San Xulián de Pontecesures PONTECESURES
Fiesta patronal na que se celebra unha procesión relixiosa .			
Fiesta patronal durante la que se celebra una procesión relixiosa .			


	7	SAN XULIÁN	San Xián de Romai PORTAS
--	----------	------------	-----------------------------


	8	“O NENO XESÚS”	San Xián de Romai PORTAS
--	----------	----------------	-----------------------------

	10	“OS DOLORES”	Soar (San Lourenzo de Moraña) MORAÑA
---	-----------	--------------	--

	2º fin de semana do mes 2º fin de semana del mes	“RAÍÑA DOS ANXOS”	Carreiras (San Xulián de Pontecesures) PONTECESURES
--	---	-------------------	---

	23	SANTO ILDEFONSO	Pena de Arriba (Santa María de Troás) CUNTIS
--	-----------	-----------------	--

	Domingo seguinte ó día 17 Domingo seguinte al día 17	SAN ROQUE	San Mamede de Amil MORAÑA
Esta festa é xestionada cada ano polos lugares de Vilacova, A Rozavella, Piñeiro e máis parte da Chan .			
Esta fiesta es gestionada cada año por los lugares de Vilacova, A Rozavella, Piñeiro y parte de A Chan .			

	2º domingo despois do día 17 2º domingo despoés del día 17	“O CARME”	San Mamede de Amil MORAÑA
A organización corre a cargo dos lugares da Picota, O Apedrado, Ruibal e Pumardatán .			
La organización corre a cargo de los lugares de A Picota, O Apedrado, Ruibal y Pumardatán .			

FEBREIRO / FEBRERO

	25 Xaneiro - 2 Febreiro 25 Enero - 2 Febrero	“CANDELARIA”	Santa Comba de Cordeiro VALGA
---	---	--------------	----------------------------------


Os Santos da igrexa Parroquial de Santa Comba de Cordeiro trasládanse o **25 de xaneiro** á **Capela de San Paio de Vilar**. Permanecen alí deica o **2 de febreiro**, día da Candelaria, para seren devoltos á igrexa parroquial en unha procesión na que as xentes das aldeas de **Vilar** e **Vilarello** transportan **cestas de lacóns** a xeito de ofrenda. Lémbrese así o pago dunha ofrenda que os fregueses fixeron no século XIX tralos devastadores efectos ca peste tivo por estas terras.

Los Santos de la iglesia parroquial de Santa Comba de Cordeiro se trasladan el **25 de Enero** a la **Capilla de San Paio de Vilar**. Permanecen allí hasta el **2 de febreiro**, día de la Candelaria, para ser devueltos a la iglesia parroquial en la que la gente de las aldeas de **Vilar** y **Vilarello** transportan **cestas de lacóns** a modo de ofrenda. Se recuerda así el pago de una ofrenda que los feligreses hicieron en el siglo XIX tras los devastadores efectos que la peste tuvo en estas tierras.



Procesión dos lacóns / Procesión de los lacones



	3º domingo despois do día 17 de xaneiro	SANTA LUCÍA	San Mamede de Amil MORAÑA
	3er domingo despois del día 17 de enero		
Festividade celebrada polos veciños dos lugares de Barro, O Castriño, Torre de Arriba e Torre de Abaixo, O Outeiro, Cartamil e parte da Chan .			
Festividad celebrada por los vecinos de los lugares de Barro, O Castriño, Torre de Arriba y Torre de Abaixo, O Outeiro, Cartamil y parte de A Chan .			

	3	SAN BRAIS	San Mamede de Piñeiro CUNTIS
--	---	-----------	---------------------------------

	9	SANTA APOLONIA	Mesego (Santa María de Cuntis) CUNTIS
--	---	----------------	---

	9	SANTA APOLONIA	San Martiño de Gargantás MORAÑA
--	---	----------------	------------------------------------



Igrexa / Iglesia de San Martiño de Gargantás

	Mes de febreiro	ENTROIDO CARNAVAL	VALGA
	Mes de febrero		
O de Valga é un dos máis importantes da comarca relacionándose coa tradición que esta festa ten nas terras da ribeira do Ulla. Fanse todo tipo de actividades destacando os desfiles e concursos de disfraces xunto co tradicional “Enterro da sardiña” .			
El de Valga es uno de los más importantes de la comarca relacionándose con la tradición que esta fiesta tiene en las tierras de la ribera del Ulla. Se hacen todo tipo de actividades, destacando los desfiles y concursos de disfraces además del tradicional “Entierro de la sardina” .			

	Domingo seguinte ó domingo de Entroido	FESTA / FIESTA DEL “LACÓN CON GRELOS”	CUNTIS
	Domingo siguiente al domingo de Carnaval		

Festa gastronómica que se integra dentro das celebracións do **Entroido**. Consiste na degustación de **lacón** (pata dianteira do porco) con **grelos, filloas** e outras especialidades da tempada. A ela engadense **diversas actividades** como pasarrúas e o mercado de produtos tradicionais. Para o mércores de cinza recupérase o singular **“Enterro do Chapante”**, durante o que unha comitiva fúnebre chora a morte deste personaxe antes de ser queimado: o seu nome procede do xeito en que son coñecidos os veciños de Cuntis, “chapantes”, por teren sona de ser amantes dos grandes banquetes.

Fiesta gastronómica que se integra dentro de las celebraciones del **Carnaval**. Consiste en la degustación de **lacón** (pata delantera del cerdo) con **grelos, filloas** y otras especialidades de temporada. A ella se añaden **diversas actividades** como pasacalles y el mercado de productos tradicionales. Para el Miércoles de Ceniza se recuperó el singular **“Enterro do Chapante”**, durante el cual una comitiva fúnebre llora la muerte de este personaje antes de ser quemado: su nombre procede del modo en que son conocidos los vecinos de Cuntis, “chapantes”, por tener fama de ser amantes de los grandes banquetes.




MARZO

	21	“SAN BIEITO DE INVERNO”	San Bieito (San Pedro de Lantaño) PORTAS
Celébrase na carballeira da Capela de San Bieito , tendo a súa continuación cada 11 de xullo co chamado “San Bieito de verán” . Non falta á cita anual xunto ós actos relixiosos a tradicional degustación do “polbo á feira” .			
Se celebra en el robleal de la Capilla de San Bieito , teniendo su continuación cada 11 de julio con el llamado “San Bieito de verano” . No falta a la cita anual junto con los actos religiosos la tradicional degustación de pulpo “á feira” .			



	Dous domingos antes do domingo de Pascua	ROMARÍA / ROMERÍA DE SAN LÁZARO (S.XV)	PONTECESURES
	Dos domingos antes del domingo de Pascua		
<p>Trátase dunha das romarías máis antigas de Galiza. Varias misas e un Viacrucis son os actos centrais desta celebración que se desenvolve na igrexia de San Xulián de Requeixo. Deica ela acoden gran número de fieis para facer as súas ofrendas e tocar a auga bendita ou a imaxe do santo na procura do seu poder curador.</p> <p>Se trata de una de las romerías más antigas de Galicia. Varias misas y un Vía Crucis son los actos centrales de esta celebración que tiene lugar en la iglesia de San Xulián de Requeixo. Hasta ella se acercan gran número de fieles para hacer sus ofrendas y tocar el agua bendita o la imagen del santo buscando su poder curador.</p>			

ABRIL

	Primeiros de mes (Semana Santa)	FESTA DO ROSCÓN FIESTA DEL ROSCÓN	CALDAS DE REIS
	Principios de mes (Semana Santa)		

Recuperada polo C.I.T. Ulla-Umia, esta festa serve de exaltación do **roscón de Caldas de Reis** que se pode degustar durante a xornada, acompañado para a ocasión de **chocolate e queimada** xunto a outros produtos típicos das celebracións. **Mercado e actuacións musicais** completan a variada oferta deste acontecemento gastronómico.

Recuperada por el C.I.T. Ulla – Umia, esta fiesta sirve de exaltación del **roscón de Caldas de Reis** que se puede degustar durante la jornada, acompañado para la ocasión de **chocolate y “queimada”**, junto a otros productos típicos de las celebraciones. **Mercado y actuaciones musicales** completan la variada oferta de este acontecimiento gastronómico.


O ROSCÓN / EL ROSCON


Doce feito a base de azucre, manteiga, ovo e fariña que se presenta cunha peculiar **forma en X**; polo xeral leva enriba outro roscón máis pequeno chamado **“meníño”**. O proceso de elaboración pode superar as seis horas.

Dulce hecho a base de azúcar, manteca, huevo y harina que se presenta con una peculiar **forma de X**; por lo general lleva encima otro roscón más pequeño llamado **“meníño”**. El proceso de elaboración puede superar las seis horas.



Roscón de Pascua de Caldas de Reis

	Variable: fins de marzo / comezos de abril	FESTA DA LAMPREA FIESTA DE LA LAMPREA	PONTECESURES
	Variable: finales de marzo / com. de abril		
<p>Festa gastronómica que ten lugar no núcleo urbano de Pontecesures, nun espazo habilitado xunto ó peirao fluvial. Durante a xornada pódense degustar pinchos ou racións de lamprea cocinada fundamentalmente “á bordalesa”, aínda que non faltan outros produtos gastronómicos alternativos como a empanada, o churrasco, o “polbo á feira” e como non, o viño. Os actos inclúen as actuacións de charangas, grupos folclóricos e a sorprendente exposición de lampreas vivas nun acuario.</p> <p>Fiesta gastronómica que tiene lugar en el núcleo urbano de Pontecesures, en un espacio habilitado junto al puerto fluvial. Durante la jornada se pueden degustar pinchos o raciones de lamprea cocinada fundamentalmente “a la bordalesa”, aunque no falta otros productos gastronómicos alternativos como la empanada, el churrasco, el pulpo “á feira” y como no, el vino. Los actos incluyen las actuaciones de charangas, grupos folclóricos y la sorprendente exposición de lampreas vivas en un acuario.</p>			



A LAMPREA / LA LAMPREA

Familia: Petromyzontidae; Nome científico: *Petromyzon marinus*; Nome vulgar: Lamprea

Especie **primitiva** (cunha antigüidade duns **500 millóns de anos**) que pode superar 1m de lonxitude e entre 2 e 3Kg de peso, corpo sen escamas, alongado, cilíndrico e viscoso. Os seus trazos máis característicos son a carencia de mandíbula, un esqueleto cartilaxinoso sen estrutura ósea e sobre todo a súa **boca en forma de ventosa** con dentes córneos que utiliza para fixarse ás súas presas e succionarlles o sangue, que ben sendo a base da súa alimentación.

É un **peixe migratorio** que nace no río permanecendo en estado larvario durante 4 ou 5 anos. Logo descende ó mar e alcanza a madurez sexual tras 1-2 anos. Finalmente retorna ó río onde completa o ciclo reprodutivo, antes de morrer, desovando en augas pouco fondas entre a primavera e o verán.

Os **ríos Miño e Ulla** constitúen os últimos redutos deste peixe en Galicia e practicamente da Península. En Pontecesures a lamprea, popularmente coñecida como **“a dama do Ulla”**, é capturada polos **“valeiros”** que empregan o **“butrón”**, unha nasa ou rede de forma cilíndrica que se dispón no fondo do río.



Familia: Petromyzontidae; Nombre científico: *Petromyzon marinus*; Nombre vulgar: Lamprea de mar

Especie **primitiva** (con una antigüedad de unos **500 millones de años**) que puede superar 1m de longitud y entre 2 y 3Kg de peso, cuerpo sin escamas, alargado, cilíndrico y viscoso. Sus rasgos más característicos son la ausencia de mandíbula, el esqueleto cartilaginoso sin estructura ósea y sobre todo su **boca en forma de ventosa** con dientes córneos que utiliza para fijarse a sus presas y succionarles la sangre, que es la base de su alimentación.

Es un **pez migratorio** que nace en el río permaneciendo en estado larvario durante 4 o 5 años. Luego descien-de al mar y alcanza la madurez sexual tras 1-2 años. Finalmente regresa de nuevo al río donde completa el ciclo reproductivo, antes de morir, desovando en aguas poco profundas entre la primavera y el verano.

Los **ríos Miño y Ulla** constituyen los últimos reductos de este pez en Galicia y prácticamente en la Península. En Pontecesures la lamprea, popularmente conocida como **“a dama do Ulla”**, es capturada por los **“valeiros”** que utilizan el **“butrón”**, una nasa o red de forma cilíndrica que se coloca en el fondo del río.



“LAMPREA Á BORDALESA”
“LAMPREA A LA BORDALESA”

A lamprea deságrase en vivo cun corte no rabo para logo guisala no seu propio sangue cun **adubo** de allo, perexil e cebola dourados en aceite, ó que se lle engade pementa branca, sal e viño. Déixase cocer a lume lento durante hora e cuarto e logo sérvese. Na festa cesureña presentase nun recipiente de cerámica acompañada de **arroz e picatostes**.



La lamprea se desangra en vivo con un corte en la cola para luego guisarla en su propia sangre con un **adobo** de ajo, perejil y cebolla dorados en aceite, al que se le añade pimienta blanca, sal y vino. Se deja cocer a fuego lento durante hora y cuarto y luego se sirve. En la fiesta cesureña se presenta en un recipiente de cerámica acompañada de **arroz y picatostes**.



6

“FEIRA DO AUTOMÓBIL ANTIGO.
FEIRA AUTO - MOTO CLÁSICA”


PONTECESURES



Monumento
“Feira do automóbil”

Pontecesures foi a **primeira localidade española** en albergar unha feira de automóviles de ocasión no **ano 1925**, repetindo a experiencia ó ano seguinte e outra vez na década dos cincuenta (**anos 1950 e 1954**). Para conmemorar este acontecemento dende hai dous anos celébrase unha **multitudinaria feira**, na que amais da exposición de coches clásicos e antigos, habíllase na zona portuaria un amplo espazo a disposición dos clubs e postos de **compra-venta** de todo tipo de accesorios e recambios para estes vehículos. Na organización colaboran a **Asociación Cultural “Mirándolle os Dentes”**, impulsora desta iniciativa, e o **Concello de Pontecesures**.

Pontecesures fue la **primera localidade española** en albergar una feria de automóviles de ocasión en el **año 1925**, repitiendo la experiencia al año siguiente y de nuevo en la década de los cincuenta (**años 1950 y 1954**). Para conmemorar este acontecimiento desde hace dos años se celebra una **multitudinaria feria**, en la que además de la exposición de coches clásicos y antiguos, se habilita en la zona portuaria un amplio espacio a disposición de los clubes y puestos de **compra-venta** de todo tipo de accesorios y recambios para estos vehículos. En la organización colaboran la **Asociación Cultural “Mirándolle os Dentes”**, impulsora de esta iniciativa, y el **Concello de Pontecesures**.



	Luns de Pascua	“VIRXE DO LOUREIRO”	O Loureiro, Portela (Santa Eulalia de Portela) CUNTIS
	Lunes de Pascua		

	Derradeiro sábado do mes	SAN PEDRO MÁRTIR	San Pedro de Lantaño PORTAS
	Último sábado del mes		

O acto principal é a romaría da **Capela de San Pedro Mártir**.

El acto principal es la romería de la **Capilla de San Pedro Mártir**.



30

HOMENAXE / HOMENAJE DOMINGO FONTÁN

Porta do Conde
(Santa María de Portas)
PORTAS



Dende **1988**, no bicentenario do nacemento do xeógrafo e matemático, a **Asociación Cultural e Deportiva Domingo Fontán** celebra unha homenaxe na súa honra. Realízanse diversos actos que inclúen **pregón**, unha **misa**, **ofrendas florais** ante o monumento que lembra a súa figura, a actuación do **Coro e Banda de gaitas Domingo Fontán** e mesmo un **certame literario**.

Desde **1988**, durante el bicentenario del nacimiento del geógrafo y matemático, la **Asociación Cultural e Deportiva Domingo Fontán**, celebra un homenaje en su honor. Se realizan diversos actos que incluyen **pregón**, una **misa**, **ofrendas florais** ante el monumento que recuerda su figura, la actuación del **Coro e Banda de Gaitas Domingo Fontán** e incluso un **certamen literario**.

MAIO / MAYO



22

SANTA RITA

San Clemente de Cesar
CALDAS DE REIS



Variable: 7º domingo
despois de Pascua
Variable: 7º domingo
después de Pascua

ROMARÍA / ROMERÍA DE SAN CIBRÁN

San Pedro de Dimo
CATOIRA

Commemoración relixiosa - profana que se celebra durante o **Domingo de Pentecostés** xunto á **Ermida de San Cibrán**, situada ó pé do Monte Xiabre, nun contorno natural de gran beleza. A cerimonia relixiosa acompáñase dun **xantar** amenizado por **grupos folclóricos**.

Commemoración relixiosa – profana que se celebra durante el **Domingo de Pentecostés** junto a la **Ermida de San Cibrán**, situada al pie del Monte Xiabre, en un entorno natural de gran beleza. La cerimonia relixiosa se acompaña de una **comida** amenizada por **grupos folclóricos**.

XUÑO / JUNIO



Variable: mediados
de mes
Variable: mediados
de mes

CORPUS CHRISTI

Santa Comba de Cordeiro
VALGA



Alfombra floral (Santa Comba de Cordeiro)

A celebración do Corpus Christi ten unha singular tradición na parroquia de Santa Comba de Cordeiro. Durante meses os veciños reúnen multitude de flores coas que confeccionan a noite anterior á festividade unha **gran alfombra floral** (que pode alcanzar os 400m de lonxitude) tapizando o adro e os arredores da igrexa parroquial por onde se celebrará a procesión relixiosa.

La celebración del Corpus Christi tiene una singular tradición en la parroquia de Santa Comba de Cordeiro. Durante meses los vecinos reúnen gran cantidad de flores con las que confeccionan la noche anterior a la festividad una **gran alfombra floral** (que puede alcanzar los 400m de longitud) tapizando el atrio y los alrededores de la iglesia parroquial por donde se desarrollará la procesión relixiosa.



Procesión (Santa Comba de Cordeiro)



Variable: mediados de mes
Variable: mediados de mes

CORPUS CHRISTI “EMPANADA MILLA”

Santa Comba de Cordeiro
VALGA

Paralelamente a esta celebración, a Sociedade Cultural de Cordeiro organiza a **Festa da Empanada Milla**, exaltación gastronómica que consiste na elaboración e degustación dunha gran **empanada de fariña de millo** con diferentes recheos, que comparten os veciños a un módico prezo.

Paralelamente a esta celebración, la Sociedade Cultural de Cordeiro organiza la **Festa da Empanada Milla**, exaltación gastronómica que consiste en la elaboración y degustación de una gran **empanada de harina de maíz** con diferentes rellenos, que comparten los vecinos a un módico precio.



Mediados de mes
Mediados de mes

SAN ANTONIO

Santo André de Cesar
CALDAS DE REIS



Mediados de mes
Mediados de mes

SAN ANTONIO

San Clemente de Cesar
CALDAS DE REIS



Mediados de mes
Mediados de mes

SACRAMENTO

Santo André de Cesar
CALDAS DE REIS



Mediados de mes
Mediados de mes

SACRAMENTO

Santa María de Caldas
CALDAS DE REIS



22

FESTA DA / FIESTA DE LA BICICLETA

CALDAS DE REIS



24

CACHARELAS / HOGUERAS DE SAN XOÁN

Castrolandín
(Santa María de Cuntis)
CUNTIS

Esta celebración da chegada do verán funde as súas raíces no ancestral culto ó astro solar. Como xa é tradicional nesta data multitude de **fogueiras** iluminan a **noite de San Xoán**, pero entre elas destaca a que ten lugar na **croa do poboado castrexo de Castrolandín**, xunto a vila de Cuntis. Sobre este emprazamento privilexiado alumean unha gran cacharela e fachos de piñas, reunindo ó redor a multitude de veciños nun ambiente festivo no que non falta a **sardiñada** acompañada de viño, queimada e música.

Esta celebración de la llegada del verano hunde sus raíces en el ancestral culto al sol. Como ya es tradicional en esta fecha multitud de **hogueras** iluminan la **noche de San Juan**, pero entre ellas destaca la que tiene lugar en el **poblado castreño de Castrolandín**, junto a la villa de Cuntis. Sobre este emplazamiento privilegiado arden una gran hoguera y antorchas de piñas, reuniendo a su alrededor a muchos vecinos en un ambiente festivo donde no falta la **“sardiñada”** acompañada de vino, queimada y música.



Noite / Noche de San Xoán en Castrolandín



27

“PERPÉTUO SOCORRO”

Santo Estevo de Sair
CALDAS DE REIS



29

SANTO CRISTO

San Fiz de Estacas
CUNTIS




29

SAN PEDRO

San Pedro de Rebón
MORAÑA

XULLO / JULIO

	Primeira fin de semana do mes	“VIRXE DO CARME”	PONTECESURES
	Primer fin de semana del mes		
<p>Festa na honra da Virxe do Carme patroa dos mariñeiros. Durante varios días a vila de Pontecesures engalanase para a ocasión celebrando multitude de actos entre os que destacan a ofrenda floral e a procesión de embarcacións que percorre a ribeira até o peirao, ou a participación de corais, bandas de música e pasacalles polas rúas cesureñas.</p> <p>Fiesta en honor de la Virgen del Carmen patrona de los marineros. Durante varios días la villa de Pontecesures se engalana para la ocasión celebrando multitud de actos entre los que destacan la ofrenda floral y la procesión de embarcaciones que recorre la ribera hasta el muelle, o la participación de corales, bandas de música y desfiles por las calles cesureñas.</p>			

	11	SAN BIEITO DE PEREIRA	Trasponte (Santa María de Cuntis) CUNTIS
--	----	-----------------------	--

	11	SAN BIEITO	O Covelo (San Salvador de Saíáns) MORAÑA
--	----	------------	--

	11	“SAN BIEITO DE VERÁN”	San Bieito (San Pedro de Lantaño) PORTAS
---	----	-----------------------	--

A romaría celébrase na **carballeira da Capela de San Bieito** e non falta a tradicional degustación de **“polbo á feira”**. O **21 de marzo** celébrase a versión invernal do San Bieito

La romería se realiza en el **robledal de la Capilla de San Bieito** y no falta la tradicional degustación de **pulpo “á feira”**. El **21 de marzo** se celebra la versión invernal del San Benito.

	11	SAN BIEITO	Santa Mariña de Carracedo CALDAS DE REIS
--	----	------------	---

	13	FESTA DA / FIESTA DE LA BICICLETA	CUNTIS
--	----	-----------------------------------	--------

	Fin de semana seguinte ó 8 de xullo	“RAPA DAS BESTAS”	San Mamede de Amil MORAÑA
	Fin de semana seguinte al 8 de julio		

Celebración de carácter gandeiro que organiza cada ano a **Asociación Cabalar Monte Acibal** e que ten lugar no **Pastizal das Brañas** (Monte Acibal). Dura dous ou tres días comezando o venres á tarde cando se xunta a grea no pasteiro, tarefa realizada polos besteiros dos montes circundantes. O **domingo** é o día grande xa que se suceden as tarefas máis espectaculares para o visitante entre as que destaca o proceso de **agarre dos cabalos dentro do curro**, xa que amosa a espectacular loita corpo a corpo entre os afeitadores e as bestas. A cabana equina do Curro de Amil ten trazos morfolóxicos autóctonos e pode reunir cada ano a preto de **400 cabalos**.

O evento concentra a milleiros de persoas entre gandeiros, familias das parroquias próximas, turistas e visitantes ocasionais, que participan dun ambiente festivo. Habílanse amplos aparcadoiros, zona de acampada, postos para xantar, venda de accesorios de equitación e outros, complementados coa oferta dos núcleos rurais e urbanos próximos. Outro dos principais atractivos é o contorno natural e as **espectaculares vistas panorámicas** que se poden observar dende os outeiros que rodean o recinto.

Celebración de carácter ganadero que organiza cada ano a **Asociación Cabalar Monte Acibal** y que tiene lugar en el **Pastizal das Brañas** (Monte Acibal). Ocupa dos o tres días comenzando el viernes por la tarde cuando se juntan las reses en el pastizal, tarea realizada por los “besteiros” de los montes circundantes. El **domingo** es el día grande ya que se suceden las tareas más espectaculares para el visitante entre las que destaca el proceso de **agarre de los caballos dentro del curro**, pues se muestra la espectacular lucha cuerpo a cuerpo entre “os afeitadores” y “as bestas”. La cabaña equina del Curro de Amil tiene rasgos morfológicos autóctonos y puede reunir cada año a cerca de **400 caballos**.

El evento concentra a miles de personas entre ganaderos, familias de las parroquias próximas, turistas y visitantes ocasionales, que participan de un ambiente festivo. Se habilitan amplos aparcamientos, zona de acampada, puestos para comer, venta de accesorios de equitación y otros, complementados con la oferta de los núcleos rurales y urbanos próximos. Otro de los principales atractivos es el contorno natural y las **espectaculares vistas panorámicas** que se pueden observar desde las cumbres que rodean el recinto.



Rapa das Bestas (Curro de Amil)

O CURRO / EL CURRO

Desde o ano 1996 o curro sitúase nunha chaira de preto de 7has, e está formado por unha **construción de pedra e madeira** dividida nun curral grande circular, soterrado, e outros dous máis pequenos á entrada. Noutrora chegouse a localizar no **adro do Santuario dos Milagres de Amil**, xunto á carballeira, tendo que baixar os cabalos dende o monte nun percorrido de case 3Km.

Desde el año 1996 el curro se localiza en una llanura de cerca de 7has, y está formado por una **construcción de piedra y madera** dividida en un corral grande circular, enterrado, y otros dos más pequeños a la entrada. En otro tiempo se llegó a situar en el **atrio del Santuario dos Milagres de Amil**, junto al robledal, teniendo que bajar los caballos desde el monte en un recorrido de casi 3km.




A RAPA / LA RAPA

Inclúe toda unha serie de tarefas: **reunión** das bestas no monte a cargo dos besteiros cercándoas nun lugar previamente establecido; **parada** ou punto de encontro das bestas no monte para conducilas dende alí ó curro; **“baxa”** ou traslado ó curro; **separación** das bestas para a venda, para o marcado e volta ó monte, e traslado ós respectivos currais; **rapa e marcaxe**; **solta** das bestas de novo ó monte deica o ano seguinte.

Incluye toda una serie de tareas: **reunión** de las reses en el monte a cargo de los “besteiros” cercándolas en un lugar previamente establecido; **parada** o punto de encontro de “as bestas” en el monte para conducirlas desde alí al curro; **“baja”** o traslado al curro; **separación** de los cabalos para la venta, para el marcado y vuelta al monte, y traslado a los respectivos corrales; **rapa y marcaxe**; **suelta** de “as bestas” de nuevo al monte hasta el año siguiente.




Rapa das bestas (Curro de Amil)

	Primeiros de mes	“PENA DA AUGA”	Santo André de Cesar CALDAS DE REIS
	Principios de mes		

	Mediados de mes	“VIRXE DO CARME”	Santa Mariña de Carracedo CALDAS DE REIS
	Mediados de mes		

	Mediados de mes	SAN MARTIÑO	Santa Mariña de Arcos da Condesa CALDAS DE REIS
	Mediados de mes		

	Mediados de mes	FESTA DA PRAIA FLUVIAL / FIESTA DE LA PLAYA FLUVIAL	San Pedro de Lantaño PORTAS
	Mediados de mes		


Cada verán celébrase esta festa de carácter popular que ten coma escenario a **praia fluvial de Lantaño** situada nun fermoso treito da ribeira do **Umia**. Amais da **comida** campestre a xornada amenízase con **xogos, música e paseos en barca**.

Cada verano se celebra esta fiesta de carácter popular que tiene como escenario la **playa fluvial de Lantaño**, situada en un hermoso trecho de la ribera del **Umia**. Además de la **comida** campestre la jornada se ameniza con **juegos, música y paseos en barca**.



Praia / Playa fluvial de Lantaño



	2º domingo do mes	SAN ANTONIO DE PADUA	CATOIRA
	2º domingo del mes		
<p>No ano 1908 xurde a Sociedade de San Antonio co obxectivo de recuperar esta celebración. Amais dos oficios relixiosos hai pasacalles de gaiteiros, actuacións de bandas e verbena con grupos musicais e orquestras contra a noite.</p> <p>En el año 1908 surge la Sociedade de San Antonio con el objetivo de recuperar esta celebración. Además de los oficios religiosos tienen lugar pasacalles de gaiteros, actuaciones de bandas y verbena con grupos musicales y orquestas llegada la noche.</p>			

	2º domingo do mes	SAN ANTONIO DE PADUA: "A SOLLA"	CATOIRA
	2º domingo del mes		

A todo isto engadiuse dende o ano 1978, coma complemento gastronómico a exaltación dun peixe propio da contorna: **a solla**. Durante o xantar, na **carballeira da Fonte Gaiteira**, o prato estrela é a **solla frita** pero tamén se atópan outros produtos típicos das celebracións coma o polbo, mexillóns e a empanada acompañados de viños das adegas da comarca.

A todo ello se añadió desde el año 1978, como complemento gastronómico la exaltación de un pez propio del contorno: **la solla**. Durante la comida, en el **roble dal de Fonte Gaiteira**, el plato estrella es la **solla frita**, pero también se consumen otros productos típicos de las celebraciones como el pulpo, mejillones y la empanada acompañados de vinos de las bodegas de la comarca

A SOLLA / LA SOLLA



Familia: Pleuronectidae

Nome científico: *Platichthys flesus*

Nome vulgar: solla

Peixe de **corpo plano, asimétrico**, de cor parda xaspeada na parte superior, onde se localizan os dous ollos un a carón do outro, e coa parte inferior branca. O seu tamaño oscila entre os 20-30cm e vive no mar pero tamén frecuenta os medios fluviais especialmente os esteiros. Permanece tendido no fondo do río, camuflado no medio da area para capturar ás súas presas.

Familia: Pleuronectidae

Nombre científico: *Platichthys flesus*

Nombre vulgar: solla

Pez de **cuerpo plano, asimétrico**, de color pardo jaspeado en la parte superior, donde se localizan los dos ojos uno al lado del otro, y con la parte inferior blanca. Su tamaño oscila entre los 20-30cm y vive en el mar pero también frecuenta los medios fluviales especialmente los estuarios. Permanece tendido en el fondo del río, camuflado entre la arena para capturar a sus presas.

	18	"NOITE MEIGA"	Castrolandán (Santa María de Cuntis) CUNTIS
---	----	---------------	---

	19	ROMARÍA / ROMERÍA DE SANTA XUSTA	Santa Xusta de Moraña MORAÑA
---	----	----------------------------------	---------------------------------



Fonte de Santa Xusta

Multitudinaria romaría que se celebra no núcleo parroquial de Santa Xusta de Moraña. Cada ano acuden miles de visitantes na procura de remedio para as **doenzas corporais e males do espírito**. Para iso a tradición manda seguir **tres rituais**: **facer un nó** coa man esquerda con follas do millo, **asistir a unha misa e beber auga da fonte milagreira** situada xunto ó templo. O ambiente de festa que rodea a xornada completase cunha **verbena** baixo a espléndida carballeira de Santa Xusta.

Multitudinaria romería que se celebra en el núcleo parroquial de Santa Xusta de Moraña. Cada año acuden miles de visitantes buscando remedio a sus **males corporales y del espíritu**. Para ello la tradición manda seguir **tres rituales**: **hacer un nudo** con la mano izquierda con hojas de maíz, **asistir a una misa y beber agua de la fuente milagrosa** situada junto al templo. El ambiente de fiesta que rodea la jornada se completa con una **verbena** bajo el espléndido roble dal de Santa Xusta.

	20	SANTA MARGARITA	Santa Margarida (San Salvador de Saiáns) MORAÑA
---	----	-----------------	---


	22	"A MADALENA"	Meira (Santa María de Cuntis) CUNTIS
---	----	--------------	--


	Fin de semana anterior o Apóstolo	FESTA DO VIÑO ROXO FIESTA DEL VINO ROJO	Romei Vello (San Xión de Romei) PORTAS
	Fin de semana anterior al Apóstol		

Festa de exaltación do **viño tinto** que denota a importancia deste produto no concello de Portas. Durante a xornada hai **degustación e cata de viños** acompañada de **pratos típicos**, e entréganse **galardóns** para premiar os mellores viños do ano.

Fiesta de exaltación del **vino tinto** que denota la importancia de este producto en el municipio de Portas. Durante la jornada hay **degustación y cata de vinos** acompañada de **platos típicos**, y se entregan **galardones** para premiar los mejores vinos del año.

	3º fin de semana do mes	ROMARÍA DO CABALO ROMERÍA DEL CABALLO	Trasponte (Santa María de Cuntis) CUNTIS
	3er fin de semana del mes		
<p>Actividades relacionadas co cabalo na área deportiva da Ran, con picadeiro e outras instalacións adaptadas para a xornada.</p> <p>Actividades relacionadas con el caballo en el área deportiva de A Ran, con picadero y otras instalaciones adaptadas para la jornada.</p>			

	25	“SANTIAGUÍÑO”	Ermida (Santa María de Cuntis) CUNTIS
--	-----------	----------------------	---

	Derradeira fin de semana do mes	“CURRO DO XIABRE”	San Cibrán (San Pedro de Dimo) CATOIRA
	Último fin de semana del mes		

Festa gandeira que ten ó cabalo coma protagonista. Desenvólvese no **curro** construído a carón da **Ermida de San Cibrán**. Durante a fin de semana realízanse todas as tarefas relacionadas con esta tradicional actividade: recollida da grea no monte, selección, marca e venda dos poldros. Na celebración non faltan a **verbena**, un **xantar** e a **misa solemne** dominical.

Fiesta ganadera que tiene al caballo como protagonista. Se desarrolla en el **curro** construído al lado de la **Ermida de San Cibrán**. Durante el fin de semana se realizan todas las tareas relacionadas con esta tradicional actividad: recogida de las reses en el monte, selección, marca y venta de “poldros”. En la celebración no faltan la **verbena**, una **comida** y la **misa solemne** dominical.



Ermida / Ermita de San Cibrán

	Derradeiro domingo do mes	FESTA / FIESTA: “CARNEIRO Ó ESPETO”	Santa Lucía de Moraña (San Salvador de Saiáns) MORAÑA
	Último domingo del mes		

Festa gastronómica declarada de **Interese Turístico de Galiza**, que se desenvolve cada ano na **carballeira de Santa Lucía**, en pleno centro da capital municipal. A orixe desta celebración ven dun emigrante morañés retornado da Arxentina que nos anos 20 do século pasado comezou a organizar xantares campestres nas ribeiras do Umia para os que preparaba **carneiros ó estilo da Pampa**. O éxito da experiencia deu lugar a que este prato se fixese habitual en moitas celebracións dos morañeses o que deu pé a que finalmente se organizase unha festa gastronómica específica para o **“Carneiro ó espeto”**. Durante a xornada festiva degústase esta delicia culinaria tanto na carballeira, convertida nunha gran cociña - comedor, coma nos establecementos hostaleiros de Santa Lucía, acompañada doutros produtos. Non faltan á cita diversos **actos culturais, deportivos** e por suposto as **verbenas nocturnas**.

Fiesta gastronómica declarada de **Interés Turístico de Galicia**, que se desarrolla cada año en el **robleal de Santa Lucía**, en pleno centro de la capital municipal. El origen de esta celebración nace cuando un emigrante morañés retornado de Argentina en los años 20 del siglo pasado comenzó a organizar comidas campestres en las ribeiras del Umia, para las que preparaba **carneros al estilo de la Pampa**. El éxito de la experiencia dio lugar a que este plato se hiciese habitual en muchas celebraciones de los morañeses, lo que dio pie a que finalmente se organizase una fiesta gastronómica específica para el **“Carneiro ó espeto”**. Durante la jornada festiva se degusta esta delicia culinaria tanto en el robleal, convertida en una gran cocina – comedor, como en los establecimientos hosteleros de Santa Lucía, acompañada de otros productos. No faltan a la cita diversos **actos culturales, deportivos** y por supuesto las **verbenas nocturnas**.

“CARNEIRO Ó ESPETO”

Os carneiros ábranse en canal en forma de dobre cruz e colócanse sobre unha estrutura de ferro, formando un círculo arredor das brasas de lume de carballo. Ásanse lentamente durante **máis de 8 horas** e logo se reparten en lotes, para grupos de 20 persoas, encargados previamente polos comensais: un carneiro ó espeto, empanadas de zorza e bacallau con pasas, viño, pan e café.

Los carneros se abren en canal en forma de doble cruz y se colocan sobre una estructura de hierro, formando un círculo alrededor de las brasas de fuego de carballo. Se asan lentamente durante **más de 8 horas** y luego se reparten en lotes, para grupos de 20 personas, encargados previamente por los comensales: un carnero, empanadas de “zorza” (picadillo de carne de cerdo con pimentón, ajo y sal) y bacalao con pasas, vino, pan y café.



Carneiro ó espeto



	Finais de xullo - Comezos de agosto	"SUBIDA XACOBEA DO MAR DE AROUSA E RÍO ULLA"	CATOIRA VALGA PONTECESURES
	Finales de julio - Comienzos de agosto		



Fito Xacobeo

Travesía marítimo – fluvial dende **Vilagarcía** ata o peirao de **Pontecesures** que segue o percorrido da **Ruta Marítima do Camiño de Santiago**. Conmemórase así a chegada dos restos do Apóstolo a Galiza por mar, realizando unha **multitudinaria procesión** da que participan un gran número de embarcacións para remontar o río ata o peirao fluvial de Pontecesures. Un acto relixioso serve de colofón a este singular itinerario promovido pola Fundación Ruta Xacobeo do Mar de Arousa e outros organismos.

Travesía marítimo – fluvial desde **Vilagarcía** hasta el puerto de **Pontecesures** que sigue el recorrido de la **Ruta Marítima del Camino de Santiago**. Se conmemora así la llegada de los restos del Apóstol a Galicia por mar, realizando una **multitudinaria procesión** en la que participan un gran número de embarcaciones para remontar el río hasta el puerto fluvial de Pontecesures. Un acto religioso sirve de colofón a este singular itinerario promovido por la Fundación Ruta Xacobeo do Mar de Arousa y otros organismos.



A TRADICIÓN / LA TRADICIÓN

Segundo o **Códice Calixtino**, trala execución do Apóstolo Santiago o Maior no ano 44 os seus discípulos recollen o corpo trasladándoo nunha longa viaxe dende o porto palestino de **Jaffa** ata a costa occidental de Galiza, onde noutro tempo predicara o evanxeo. De seguido remontan o río Ulla até Padrón que actuaba como **porto fluvial** da cidade romana de **Iria Flavia**, continuando camiño por terra ata atopar sepultura no bosque Libredón, onde se erguería a basílica e ó seu redor a cidade de Santiago.

Según el **Códice Calixtino**, después de la ejecución del Apóstol Santiago el Mayor en el año 44 sus discípulos recogen el cuerpo trasladándolo en un largo viaje desde el puerto palestino de **Jaffa** hasta la costa occidental de Galicia, donde antaño predicara el evangelio. Seguidamente remontan el río Ulla hasta Padrón, que actuaba como **puerto fluvial** de la ciudad romana de **Iria Flavia**, continuando camino por tierra hasta encontrar sepultura en el bosque Libredón, donde se levantaría la basílica y a su alrededor la ciudad de Santiago.

	Xullo / Agosto	FESTA DO / FIESTA DEL PEREGRINO	Vilarello (Santa Comba de Cordeiro) VALGA
	Julio / Agosto		

Festa na **praia fluvial de Vilarello** que se fai coincidir ca **Subida Xacobeo do Mar de Arousa e Río Ulla**.

Fiesta en la **playa fluvial de Vilarello** que se hace coincidir con la **Subida Jacobea del Mar de Arousa y Río Ulla**.

